

Bases do Concurso Logo ANPA Vila do Arenteiro

CONCURSO DISEÑO LOGO ANPA

Na Asociación de Nais e Pais do Colexio Vila do Arenteiro xurdiu a necesidade de crear un logo para dita asociación que puidese utilizar como imaxe.

Contactamos co departamento de Plástica e Visual do centro e xurdiu a idea de involucrar a todas as familias socias do ANPA así que, puxémonos ao choio e decidimos organizar este concurso para que entre todos os membros da asociación (alumn@s, pais e nais) deseñemos unha imaxe que nos identifique.

BASES DO CONCURSO

1. OBXECTO e TEMATICA DO CONCURSO

O concurso terá unha temática de carácter libre sendo o obxecto do mesmo o deseño dun logotipo representativo do ANPA do Colexio Vila do Arenteiro.

Dito logo servirá para identificar e unificar calquera actividade ligada a IANPA, e deberá de adaptarse a calquera soporte de difusión (papel, cartas, tarxetas, cartelería, correo electrónico, páxina web,..).

O tema do logotipo é libre, sempre que teña concordancia co carácter da asociación. Os traballos serán orixinais e inéditos. Os deseños do logotipo deberán ser versátiles, con posibilidade de aplicarse en documentos en papel e dixitais. Posteriormente poderán ser modificados en función das necesidades si fosen necesarios en cor, trama e tamaño para adaptalos con éxito aos diferentes soportes.

Non se aceptarán arquivos con contidos contrarios ao dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar ou á propia imaxe das persoas. En definitiva, non se aceptará ningún arquivo que sexa contrario á legalidade vixente.

2. TIPO DE CONCURSO

O concurso desenvolverase nunha única fase na que os membros do AMPA asistentes á Asemblea Xeral Ordinaria desta asociación votaran logo de ver todas as propostas presentadas a concurso, e de aí se determinará o deseño ganador.

3. ORGANIZACIÓN DO CONCURSO – ANPA

Todo tipo de correspondencia referida a este concurso coa Directiva do ANPA farase mediante correo electrónico a :

anpaviladoarenteiro@gmail.com

4. PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso calquera persoa membro do ANPA Vila do Arenteiro, entendendo por membro do ANPA calquera alumno matriculado no centro durante o curso 2012-2013 que pague a cuota da asociación así como os seus pais, .

5. PRAZOS

A data de límite de recepción de propostas será o **día 30 de novembro de 2012 ás 13:00 horas**.

6. PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

As propostas presentaranse en:

- formato papel, entregando a proposta en sobre pechado dirixido á asociación no colexio (Profesor: Juan Sanmartin), achegando os datos persoais do participante e o curso ao que pertence
- formato digital: entregarase a proposta en sobre pechado ou vía correo electrónico, á seguinte dirección: **anpaviladoarenteiro@gmail.com**, indicando no asunto da mensaxe "**proposta concurso logo**". achegando os datos persoais do participante e o curso ao que pertence.

A Directiva da ANPA encargárase de recompilar todas as propostas recibidas eliminando as referencias ao seu autor.

As propostas deberán ter entrada antes da data e hora fixadas no apartado 5 destas bases. Finalizado este prazo, a Directiva do ANPA levantará a acta de recepción na que se consignará o número de traballos recibidos, e o número de participantes individuais ou en equipo. Dita acta será publicada en :.

- No blog da asociación
 - <http://anpaviladoarenteiro.blogspot.com.é/>
- Na páxina web de IDepartamento de Plástica e Visual do Colexio
 - <http://www.juansanmartin.net/primeira.html>
- No taboleiro de anuncios do ANPA no colexio.

A directiva da asociación confirmará a recepción da documentación aportada na dirección de correo electrónico do remitente, e a súa admisión a concurso ou o seu rexeitamento, indicando neste último caso as deficiencias atopadas, e se procede ou non a subsanación das mesmas por parte do participante ou equipo. En calquera caso, a subsanación das citadas deficiencias non se admitirá fóra do prazo indicado no apartado 5 destas bases.

7. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS CONCURSANTES

Presentaranse as propostas en papel e/ou en formato dixital.

Xunto coa proposta do logotipo os concursantes achegarán os seus datos persoais e o curso ao que pertencen

8. ANONIMATO

Co fin de garantir o anonimato dos participantes, a directiva da asociación gardará a información persoal aportada. Os datos persoais estarán ligados a un número de participación que se engadirá a a s propostas dos logotipos a valorar polo Xurado do concurso.

A correspondencia entre os números das fichas de participación e a dos arquivos gráficos será unha información que só estará en poder do responsable da xestión do concurso, e aportarase ao Xurado unha vez se falle o concurso.

9. VOTACIONES

Todos os socios asistentes á Asemblea Xeral Ordinaria que se celebrará no centro o día **04 de decembro de 2012** terán dereito a voto.

10. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Valorarase os seguintes aspectos:

- Facilitade de identificación da proposta coa Asociación
- Deseño innovador e creativo
- Adaptabilidade a calquera soporte de difusión da documentación da Asociación
- É condición imprescindible que o logotipo sexa orixinal.

11. PREMIOS

Concederase un único premio para o/a ganador/a e a súa familia que consistirá en **:tres entradas para o Parque Warner Bros e noite de hotel.**

A aceptación deste premio por parte do gañador do concurso, leva aparexada a cesión dos dereitos de explotación e/ou reprodución en calquera soporte ou medio, e de propiedade intelectual, con carácter de exclusividade e durante tempo indefinido a favor da ANPA Vila do Arenteiro.

O concurso poderá declararse deserto, no caso de que ningunha das propostas presentadas resulte suficientemente satisfactoria para os obxectivos do concurso.

13. GESTION DA ENTREGA DE PREMIOS

A participación no concurso implica a aceptación das bases e o fallo inapelable do Xurado.

O resultado do mesmo farase público o día **11 de decembro de 2012**. A entrega de premios realizarase no Festival **de Nadal do Colexio**.

O ganador do concurso será a única persoa con dereito á recepción do premio outorgado.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais facilitados para a inscrición neste concurso quedarán rexistrados nun fichero cuxo responsable é a ANPA do colexio Vila do Arenteiro co fin de gestionar o concurso.

As bases do concurso estarán a disposición pública en .:

- as instalacións do centro

- o blog da asociación: <http://anpaviladoarenteiro.blogspot.com.é/>
- no Facebook da asociación **ANPA Vila do Arenteiro.**
- na páxina web www.juansanmartin.net

Para calquera consulta, pode poñerse en contacto coa organización no correo electrónico facilitado anteriormente ou dirixíndose á organización nas instalacións do centro (profesor Juan Sanmartín).

CONCURSO DE LOGOTIPO PARA A ANPA VILA DO ARENTEIRO

FICHA DE INSCRIPCIÓN

NOME _____

APELIDOS _____

CURSO _____

NOME _____

APELIDOS _____

CURSO _____

NOME _____

APELIDOS _____

CURSO _____

TÍTULO DA PROPOSTA DO LOGOTIPO PRESENTADEOu

BREVE DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Presentar nun sobre pechado xunto coa proposta presentada a concurso. Poñer no exterior do sobre: **CONCURSO LOGOTIPO ANPA VILA DO ARENTEIRO.**